O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Daniel Pérez López, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o Centro de Día de Corcubión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Corcubión acometeu xa polo ano 2011 a rehabilitación dos edificios “Padroado e Asilo” no centro da vila, coa intención de que as instalacións acollesen un Centro de Día.

A apertura do Centro de Día de Corcubión debería ser unha prioridade para as administracións involucradas na súa apertura, e dotación de persoal e mobiliario. Convén recordar que a posta en marcha deste servizo daría resposta á alta demanda de prazas deste tipo que existe, non só no propio Concello de Corcubión, senón tamén en toda a comarca. A Costa da Morte ten altas cotas de envellecemento, e a apertura do Centro de Día serviría para dar servizo e atención digna aos nosos maiores e avanzar na conciliación, liberando durante unhas horas ás persoas que se encargan a diario do seu coidado, e que, na maioría dos casos son mulleres.

Se a isto lle sumamos que a poboación estimada da zona que acollería o Centro de Día ascende a 30.000 persoas (contando Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Camariñas e Muxía) e que, pola súa situación xeográfica, evitaría os longos desprazamentos que teñen que realizar agora moitos maiores para achegarse aos centros





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deste tipo máis próximos, a posta en funcionamento do Centro de Día de Corcubiión está máis que xustificada e ademais, é imprescindíbel.

A día de hoxe o edificio rehabilitado en Corcubiión está preparado para acoller o Centro de Día, precisando unicamente de ser dotado de persoal.

O Goberno municipal ten manifestado en diferentes ocasións que, ao tratarse dun concello pequeno (menos de 5.000 habitantes), vese na imposibilidade de xestionar o centro nin de licitar a súa xestión. E por iso, xa aló polo 2015 solicitou a inclusión deste Centro no listado de Centros de Día a xestionar polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, sen que a día de hoxe obtivese resposta positiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incluír o Centro de Día de Corcubiión no listado de Centros de Día a xestionar polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, e a adoptar todas as actuacións necesarias para que o Consorcio dote de RRHH e materiais o centro e o poña en funcionamento á maior brevidade, incluíndo unha partida a tal efecto nos orzamentos 2021.”

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2020

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 03/12/2020 13:04:31

María Montserrat Prado Cores na data 03/12/2020 13:04:45

Iria Carreira Pazos na data 03/12/2020 13:04:54

Olalla Rodil Fernández na data 03/12/2020 13:05:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputada **Daniel Pérez López** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o proxecto do porto compartido mixto de Corcubión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A creación dun “porto compartido” mixto na Ría de Cee e Corcubión, para embarcacións profesionais e recreativas, é unha das “demandas históricas” do Concello de Corcubión e da Costa da Morte.

Dende o Concello de Corcubión vense solicitando de Portos de Galiza esta obra dende fai trinta anos. E máis recentemente, no 2016, reiterouse esta solicitude por parte da Confraría de Pescadores de Corcubión, conxuntamente co Presidente do Club Marítimo Carrumeiro. Solicitude respaldada xa nese momento polos alcaldes dos Concellos de Dumbría, Fisterra, Cee e Corcubión, así como polos representantes das diferentes forzas políticas deses concellos.

Tanto os axentes sociais, recreativos, como económicos e empresariais coinciden en que o desenrolo económico da zona pasa, necesariamente, por potenciar a pesca e o turismo. E nesa liña, a creación dun porto compartido mixto na Ría de Cee e Corcubión, ubicado na enseada de fondeo actual (aproveitando o actual porto) estaría plenamente xustificada.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que ter en conta que o número de embarcacións na ría, ubicadas en Corcubión, ascende a case 200 (variando segundo a época), entre profesionais da baixura e embarcacións de recreo.

Foi aínda en xullo deste ano cando a Conselleira do Mar, Rosa Quintana, nunha reunión coa Confraría de Pescadores de Corcubión, manifestou que se elaborara un estudo por técnicos de Portos de Galiza onde se deseñaban posibles alternativas de abrigo e unha aproximación orzamentaria. Nesa visita tamén anunciou que habería unha nova reunión técnica entre responsábeis de portos e do sector profesional e náutico-recreativo.

Case medio ano despois, a creación do porto compartido mixto segue paralizada e sen que por parte da Xunta e Portos de Galiza se informase aos axentes implicados (Confraría de Pescadores, entidades náutico-recreativas ou mesmo responsábeis políticos) sobre os estudos realizados ou a existencia dun proxecto. E moito menos, dunha previsión orzamentaria para realizar a obra.

Actuación que se revela imprescindible e urgente polo pulo económico que suporía para a zona ese porto, permitindo, ademais das propias, o amarre de embarcacións deportivas que cheguen de outros puntos (sobre todo na época estival); e que no relativo á Baixura, solucionaría problemas de espazo de amarre, e mesmo de seguridade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a executar á maior brevidade o Porto Compartido Mixto de Corcubión, incluíndo nos orzamentos do vindeiro ano dotación suficiente para realizar a nomeada obra.”

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2020

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2020 13:29:46

Rosana Pérez Fernández na data 03/12/2020 13:29:50

Daniel Pérez López na data 03/12/2020 13:29:58



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martin Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez, Jesús Vázquez Almuíña e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

Galicia, xunto con Asturias e Castela e León, fixeron fronte común ante a Unión Europea para reivindicar e lograr a inclusión do noroeste peninsular no trazado do Corredor Atlántico de Mercadorías. Tamén xuntos, os gobernos das tres comunidades autónomas consideran prioritario e unha oportunidade para o desenvolvemento deste corredor ferroviario aproveitar os fondos europeos do mecanismo Conectar Europa e mesmo os Next Generation recentemente habilitados a raíz da pandemia da covid-19.

A pesar da cualificación desta infraestrutura como prioritaria e estratéxica por parte das tres comunidades autónomas máis directamente beneficiadas e de que esta reivindicación e interese é compartido polos axentes sociais, empresariais, portuarios e políticos, o Goberno de España segue sen presentar ante as institucións europeas unha planificación completa e pormenorizada dos proxectos a desenvolver na rede ferroviaria galega para a súa modernización e poder así beneficiarse dos fondos consignados precisamente a tal fin.

Unha inacción xa inaceptable de por si, pero que agora reviste máis gravidade tras constatar que o Goberno central, incluso referendado por boca do propio presidente Pedro Sánchez, vai potenciar o desenvolvemento do Corredor Mediterráneo, coa conseguinte petición de fondos europeos, sen facer mención algunha ao Corredor Atlántico sobre o que segue a manter un mutismo absoluto.

Na opinión do Grupo Parlamentario Popular, estas novas supoñen un agravio para con Galicia e é urxente que o Goberno do Estado se comprometa de xeito inequívoco co tren de mercadorías do Noroeste.

E é por iso que presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

A.) Demandar ao Goberno de España:

1.- A priorización dos proxectos de infraestruturas do Corredor Atlántico Noroeste en coordinación co resto de CC.AA. implicadas, así como da mellora das conexións con Portugal coa construción da Saída Sur de Vigo.

2.- O establecemento de Monforte de Lemos como centro loxístico do transporte de mercadorías en Galicia.

3.- A convocatoria urxente dunha xuntanza coas comunidades do noroeste peninsular para abordar a modernización das infraestruturas ferroviarias do Corredor Atlántico de Mercadorías e para establecer as liñas estratéxicas encamiñadas a acadar financiamento para a execución destas obras a cargo dos fondos Conectar Europa e Next Generation da Unión Europea.

4.- A atención á intermodalidade do corredor, mediante a priorización das conexións ferroviarias cos portos da fachada atlántica e coas principais plataformas loxísticas. Singularmente coa execución das conexións ferroviarias ao porto de Langosteira (A Coruña).

5.- O inmediato nomeamento, como xa se fixo para o Corredor Mediterráneo, dun Comisionado do Goberno para o Corredor Atlántico e así poder axilizar e coordinar a presentación de proxectos susceptibles de financiamento europeo.

B.) Que axilice a súa Estratexia Loxística para que o Goberno central conte con estudos e proxectos de apoio para o desenvolvemento do Plan Director que contribúa á definición e axilización do desenvolvemento do Corredor Atlántico do Noroeste”.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2020 14:13:27

Martín Fernández Prado na data 03/12/2020 14:13:39

Diego Calvo Pouso na data 03/12/2020 14:15:24

Ramón Carballo Páez na data 03/12/2020 14:15:47

María Sol Díaz Mouteira na data 03/12/2020 14:16:39

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/12/2020 14:16:55

José Manuel Balseiro Orol na data 03/12/2020 14:17:07

Jesús Vázquez Almuíña na data 03/12/2020 14:17:29

Daniel Vega Pérez na data 03/12/2020 14:17:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para prestar unha adecuada atención á saúde mental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falta de medios económicos, materiais e humanos da atención á saúde mental da poboación ten un déficit endémico no sistema sanitario público galego que afecta directamente ao coidado das persoas que sofren este tipo de doenzas. A pandemia está a agravar a situación e deixa en evidencia que se antes da COVID 19 os servizos de saúde mental eran raquíticos, agora son absolutamente insuficientes para atender as secuelas que deixa o virus tamén neste ámbito.

A pandemia trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional pola perda de seres queridos, incerteza, angustia, ansiedade, depresión, medo ante o futuro. É urxente destinar recursos e medios para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica dunha cidadanía sometida ao estrés de perdas emocionais de seres queridos, de perdas económicas e laborais e de perdas sociais. De feito hai expertos que advirten que a cuarta onda da COVID será a da saúde mental polo seu impacto na saúde mental das persoas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Presidente da Xunta, tras 11 anos de goberno, anunciou un *Plan de saúde mental pos COVID 19*, cun investimento de 83 M€ en catro anos máis a realidade é que no proxecto de orzamentos da Xunta para 2021 a contía para saúde mental apenas supera o millón de euros, en pleno impacto da pandemia na saúde mental da poboación. A este ritmo, o plan non sería a catro anos, senón a oitenta, cando o que se precisa é unha intervención pública rápida e urxente para garantir este tipo de atención sanitaria.

Os datos indican que hai que actuar con urxencia para que a saúde mental deixe de ser a gran esquecida dentro do sistema sanitario público: no Estado español hai 6 psicólogos clínicos por cada 100.000 habitantes, en Galiza 3,5; mentres que a media na Unión Europea é de 18 e de 26 nos países da OCDE. Por contra, Galiza lidera o consumo de psicofármacos no Estado español.

Os antidepressivos foron en 2017, é dicir, nun contexto sen COVID, o segundo medicamento de maior crecemento en Galiza, e arredor de 400.000 galegos e galegas tomaban tranquilizantes e pímulas para durmir. A diferenza do que pasou no conxunto do Estado, en Galiza aumentaron os problemas de saúde mental na infancia, moi asociados á pobreza e ás desigualdades económicas.

En 2019, último dato anual computado, en Galiza había 8.411 persoas en lista de espera para o servizo de psiquiatría, unha cifra que se duplicou en apenas cinco anos e Galiza ten a día de hoxe apenas un millar de especialistas nesta doenza, moi por debaixo dos 1.500 que se consideraban necesarios nun informe elaborado pola Consellería de Sanidade fai máis de dúas décadas.

O BNG considera imprescindible sacar a saúde mental da marxinalidade en termos de recursos económicos, humanos e materiais.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.- Incrementar nos orzamentos da Xunta para o ano 2021 os recursos destinados a sufragar o anunciado *Plan de saúde mental pos COVID 19*, nunha contía mínima de 21 M€.

2.- Creación nos Centros de Saúde de Atención Primaria de prazas de psicólogos clínicxs, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadorxs sociais... que permita a creación de equipas multidisciplinares e prestar unha atención integral.

3.- Creación de unidades hospitalarias de atención infanto xuvenil en todas as áreas sanitarias.

4.- Realización dun estudo para determinar os efectos que a pandemia está a ter na saúde mental da poboación, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia.”

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/12/2020 15:54:07

Iria Carreira Pazos na data 03/12/2020 15:54:19

Olalla Rodil Fernández na data 03/12/2020 15:54:26





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en demanda dunha solución consensuada para converter o Pazo de Meirás nun centro para a memoria histórica e democrática de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de setembro fíxose pública a sentenza do Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña que declaraba que o Pazo de Meirás é propiedade do Estado e, polo tanto, ordenáballe aos herdeiros de Franco a súa devolución.

A titular do xulgado veu darlle a razón á Avogacía do Estado, aos concellos de Sada e da Coruña, á Deputación da Coruña e mais á Xunta de Galiza. A sentenza reconece os abusos e a autoproclamación dun xefe de Estado, recolle que o pazo non foi agasallado a Francisco Franco, tal e como se viña sostendo, porque o que o proceso polo que o pazo chega a mans do ditador é froito da corrupción e da represión exercida polas autoridades sublevadas coruñesas.

A xuíza reconece, tal e como argumentaba a parte demandante, que se trataba dunha doazón dun ben á xefatura do Estado. Ademais, admite que ese pazo funcionou a todos os efectos como unha residencia oficial de verán do xefe do Estado, da mesma maneira que funcionaba o pazo do Pardo como residencia de inverno.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que está claro é que a sentenza non tería sido posíbel sen a reivindicación social, foi fundamental a memoria que persistía sobre o abuso que supuxo a adquisición e entrega ao ditador e o seu uso. Se non existise memoria popular e investigación académica e histórica non habería movementos sociais que o reivindicasen.

E sen movementos sociais que reivindicasen todo isto non viría o traballo de institucións como o Concello de Sada e a Xunta de Galiza en 2008 que impulsan a súa declaración como BIC; como a Deputación da Coruña que impulsa a Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás e encarga diversos informes que serven de base para construír a argumentación histórica e xurídica necesaria para que esta sentenza sexa posíbel; e o apoio do Concello da Coruña, como institución que participou na xunta pro pazo do Caudillo e que tamén puxo recursos públicos ao dispor dos Franco durante as estancias en Meirás.

Sen a memoria, sen todo este traballo e reivindicación de anos non existiría o consenso social que reconece a propia xuíza na sentenza.

Por iso, porque a memoria foi imprescindible, o pazo de Meirás debiera ser un centro da memoria democrática. Un lugar onde se fale da figura dea súa propietaria orixinaria, Emilia Pardo Bazán e da súa obra literaria, mais tamén onde se lembren os 37 veráns nos que o inmóbel foi residencia de Franco, que se fale dos máis de 80 que se tardou en recuperar para o pobo: debe de ser un centro de interpretación da memoria democrática, dos valores democráticos.

Por iso, toda vez que o inmóbel lle sexa entregado ao Estado, é fundamental que o Pazo de Meirás se lle ceda á Xunta de Galiza para que impulse unha xestión consorciada co Concello de Sada e coa Deputación da Coruña co obxectivo de que se acorden os seus usos futuros de maneira conxunta.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidades avanzou en declaracións públicas que a Xunta quere dedicar o Pazo de Meirás á creación e á difusión de Pardo Bazán e fuxiu de toda referencia a facelo símbolo da memoria galega e da loita contra a ditadura fascista, como propoñemos desde o BNG, ao igual que outras entidades e institucións que reivindicán desde hai anos a súa devolución.

Non cabe dúbida de que no inmóbel sadense debe rendérselle homenaxe á escritora coruñesa, mais isto non debe ser óbice para que tamén sexa un espazo de recoñecemento das vítimas do franquismo e de estudo da memoria democrática.

Neste sentido, foi moi boa nova que a Xunta de Galiza optase por declarar BIC a biblioteca de Emilia Pardo Bazán, a parte que aínda permanece dentro do Pazo de Meirás e a que está na súa Casa-Museo canda a Real Academia Galega, coa finalidade de que este conxunto bibliográfico poida reagruparse de novo no menor tempo posíbel para facilitar a lectura e investigación ao redor da autora.

Deste xeito, concentrárase a documentación vinculada a Emilia Pardo Bazán na que, por expresa vontade das herdeiras da condessa, quixeron que coincidise o fogar de Emilia Pardo Bazán e a sede da Real Academia Galega, en agradecemento ao seu nomeamento como presidenta honoraria desde a súa fundación, o 30 de setembro de 1906.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Colaborar coa protección dos fondos actuais depositados na Casa Museo





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Emilia Pardo Bazán situada na cidade da Coruña, reforzándoa como a sede central do legado da autora e impulsando o seu coñecemento e investigación.

2. Procurar unha solución consensuada para garantir a seguridade e accesibilidade ao resto dos fondos bibliográficos de Emilia Pardo Bazán conservados no Pazo de Meirás.

3. Programar os investimentos precisos para a execución da reforma do inmóbel que é sede da Real Academia Galega e mais para o traslado temporal dos seus bens e das súas actividades mentres dure a obra.

4. Impulsar a xestión consorciada do Pazo de Meirás xunto co Concello de Sada e a Deputación da Coruña.

5. Facer do Pazo de Meirás un centro para a memoria histórica e democrática de Galiza, sen desbotar outros usos relacionados coa orixe do inmóbel e con Emilia Pardo Bazán.”

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/12/2020 16:40:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/12/2020 16:41:01

Xosé Luis Bará Torres na data 03/12/2020 16:41:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Marta Nóvoa Iglesias, Martin Fernández Prado, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez, Jesús Vázquez Almuiña e Daniel Vega Pérez** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos:

O saneamento do río Barbaña é unha actuación crucial e urxente. Diferentes colectivos sociais e veciñais veñen denunciando de xeito continuado o constante ataque medioambiental do que é obxecto.

Cómpre salientar que neste río se concentran vertidos procedentes dos polígonos industriais do Pereiro de Aguiar, do Parque Tecnolóxico, de San Cibrao das Viñas, de Barreiros e da Cidade do Transporte.

Uns vertidos que a Estación Depuradora de Augas Residuais do polígono industrial de San Cibrao non é capaz de asumir, razón polo que nos últimos anos foi obxecto incluso de varios expedientes sancionadores.

En 2015, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Xunta acometeron xuntas unha serie de actuacións nesta EDAR, encamiñadas precisamente a mellorar a calidade da auga do río Barbaña e os seus afluentes.

Era unha primeira fase que debía ter continuidade coa realización de melloras na propia planta e tamén nos colectores de pluviais e fecais. Pero esa continuidade dilatouse no tempo e, polo que parece, o retraso prolongáranse aínda máis, xa que a Confederación Hidrográfica estatal, responsable da conca, vén de adxudicar un novo contrato para adaptar a mellora e ampliación prevista na depuradora ao planeamento municipal.

Nos últimos días os medios de comunicación fixéronse eco de que as obras, que deberían estar executándose xa, terán que esperar debido a que foron proxectadas nunha parcela incluída no plan parcial do plan urbanístico, o que impide o seu desenvolvemento.



A incompatibilidade da intervención co plan urbanístico municipal suporá, cando menos, que as melloras necesarias pospoñeranse, como pouco, seis meses máis. O tempo que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil deu para que se reformule o proxecto coas correccións que resulten obrigadas, empezando por buscar outros terreos para a ampliación da EDAR.

Ante este novo atranco na mellora do saneamento do río Barbaña, os deputados e deputadas asinantes presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a esixir ao Goberno de España que corrixa o erro e adapte á maior brevidade a ampliación da depuradora de San Cibrao das Viñas ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, mellore os colectores, dote as partidas necesarias e axilice os prazos para a súa execución, coa fin de tratar adecuadamente as augas residuais de carácter industrial e contribuír ao saneamento do río Barbaña”.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/12/2020 16:53:59

Marta Nóvoa Iglesias na data 03/12/2020 16:54:17

Martín Fernández Prado na data 03/12/2020 16:55:01

José Manuel Balseiro Orol na data 03/12/2020 16:55:28

Ramón Carballo Páez na data 03/12/2020 16:55:53

María Sol Díaz Mouteira na data 03/12/2020 16:56:12

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/12/2020 16:56:34

Jesús Vázquez Almuíña na data 03/12/2020 16:56:46

Daniel Vega Pérez na data 03/12/2020 16:57:01



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O pasado día 28 de novembro disputouse en Abegondo un partido de fútbol amigable entre o Deportivo Abanca e o clube Viajes EntreRías Fútbol Femenino. Antes do partido, e tal e como establecera a Federación Española de Fútbol, gardouse un minuto de silencio polo futbolista Diego Armando Maradona, finado o 25 de novembro, precisamente cando se conmemoraba o Día Internacional para a eliminación das Violencias Machistas.

A xogadora do Viajes EntreRías Fútbol Femenino, Paula Dapena, decidiu non secundar ese minuto de silencio e, como xesto reivindicativo fronte a unha homenaxe que consideraba inxusta, permaneceu ese tempo sentada no campo e de costas.

Este xesto, que a xogadora xustificou como un acto feminista de rexeitamento da traxectoria vital do futbolista arxentino -“polas vítimas de maltrato non se garda no campo un minuto de silencio, pero si por Maradona, alguén que é recoñecido tanto polo que fixo dentro como fóra do campo e que precisamente non é para estar orgulloso”, dixo-, foi parabenizado por multitude de asociacións feministas e que traballan no eido das violencias machistas, mais tamén provocou que a futbolista recibise numerosas ameazas de morte a través de redes sociais e por vía telefónica.

Os pequenos xestos moven o mundo, e a pasada semana esta moza pontevedresa deu unha gran lección a toda a sociedade, rexeitando co seu xesto que os privilexios de ser unha lenda do fútbol estean por riba das violencias machistas.

Porén, non se poden consentir os discursos de odio e fanatismo nunha sociedade que queremos igualitaria e na que cada quen debería poder expresarse libremente, máxime cando a súa reivindicación pon o foco na violencia contra as mulleres. Non en van, esta mesma semana outra muller galega, e xa son tres este ano, foi asasinada en Gondomar pola súa parella.



Diante destas agresións a unha futbolista galega que, nunha reivindicación feminista, non fixo máis que facer uso do seu dereito á liberdade de expresión, por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a mostrar o seu apoio público á xogadora galega, Paula Dapena, como recoñecemento á súa acción de valentía e en prol da igualdade, e condenar todas as ameazas que leva sufrindo a consecuencia de non gardar un minuto de silencio polo pasamento de Diego Armando Maradona.

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 03/12/2020 14:16:07

Paloma Castro Rey na data 03/12/2020 14:16:30

Julio Torrado Quintela na data 03/12/2020 14:16:39

Marina Ortega Otero na data 03/12/2020 14:16:57

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/12/2020 14:17:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas sanitarias no Conservatorio Superior de Música da Coruña da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2003 que se inaugurou o Conservatorio Superior de música da Coruña, o deseño do edificio provocou importantes problemas na comunidade educativa. Problemas que se reproducen de xeito mimético cos abordados nesta mesma comisión a respecto do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra e que motivaron un acordo dos grupos parlamentares para aprobar unha iniciativa do BNG co obxecto de resolver esta situación.

Ao igual que acontecía no Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra, no caso do Conservatorio Superior de Música da Coruña os problemas veñen motivados fundamentalmente polo deseño das fiestras do edificio que, dado o seu reducido tamaño, provocan unha falta de ventilación que dificulta enormemente o normal desenvolvemento da vida académica.

Pero se os problemas de ventilación son un problema evidente para un edificio que alberga este tipo de ensinanzas en calquera momento, moito máis o son nunha situación epidemiolóxica como a que estamos a padecer, polo que esta realidade do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Conservatorio Superior de Música da Coruña, tal cal consensuamos no de Pontevedra, convértese nun risco evidente e inadmisíbel para profesorado e alumnado.

Hai meses que dende a dirección deste centro se levan remitido escritos, tanto á inspección como a Unidade Técnico, poñéndoos en aviso do risco que esta realidade supón para a comunidade educativa; sen que por parte destes organismos se adoptase ningún tipo de solución.

Dende o BNG entendemos que esta situación do Conservatorio Superior de Música da Coruña supón unha eiva inadmisíbel para a práctica docente e un risco evidente para a saúde do persoal e do alumnado.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a solucionar os problemas que afectan á comunidade educativa do Conservatorio Superior de Música da Coruña, e a realizar as obras necesarias para garantir a correcta ventilación e seguridade do centro.”

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/12/2020 16:55:41

Daniel Castro García na data 03/12/2020 16:55:59

Mercedes Queixas Zas na data 03/12/2020 16:56:11



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A democracia é un sistema baseado na esixencia ética pública e privada. A palabra ética deriva do grego *ethos*, que significa conducta, carácter, personalidade. A democracia é, en boa medida, un sistema político que aspira a mellorar a sociedade por medio dunha ética pública –unha conducta, carácter e personalidade públicas- que satisfaga as esixencias da cidadanía contribuíndo a edificar non só un ámbito público ético senón tamén unha sociedade máis ética no seu conxunto.

Para iso é fundamental que as administración e as persoas que exercen a política se comporten dun xeito ético, sobre todo en tempos como os actuais nos que atravesamos unha forte crise sanitaria e económica que xera sufrimento na cidadanía, tensiona as estruturas sociais, e pon en cuestión as institucións que, en última instancia, sosteñen o Estado e a democracia mesma.

A prevención e loita contra a corrupción non se pode deixar en mans dunha administración de Xustiza lastrada por unha crónica falta de medios e que reacciona en todo caso con posterioridade á comisión das condutas potencialmente delituosas, senón que debe partir das propias administracións públicas, máxime cando a crise económica asociada á actual pandemia, e os plans de reconstrución financiados con cargo a fondos europeos e á débeda pública, impón a necesidade dun maior control no uso dos recursos públicos, escasos por definición.

Co PP acosado en Galicia e no resto do Estado por diversos casos de corrupción, e despois de aprobar no ano 2014 un código ético para a súa aplicación na Administración autonómica galega, no ano 2015 o señor Feijóo anunciou diversas medidas de control e transparencia (concretamente 50 medidas e 5 leis) que presentou como un “Programa de impulso democrático”, entre elas un Código Ético para a Xunta, medidas no eido da contratación pública ou o encargo ao Consello de Contas de que, ademais de fiscalizar o uso ordinario dos fondos públicos, axudase a prever a corrupción.



O 23 de decembro de 2019 o Consello de Contas fixo publico o seu “Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Xunta”, documento no que afeaba a lentitude e pouca ambición do Goberno galego criticando, entre outras cuestións, que non admita denuncias anónimas ou que se descoñeza o nivel de cumprimento do Código Ético anunciado por Feijóo. O Consello de Contas critica que *“os esforzos son illados e non se estableceron políticas e procedementos para que a información relevante se identifique, elabore e comunique ás instancias pertinentes no momento adecuado, de tal forma que contribúa á toma de decisións, ao cumprimento dos obxectivos e á mitigación dos riscos”*. Nese eido, a Xunta non admite que o funcionariado ou calquera cidadán que poida ser coñecedor dunha irregularidade poida denunciála ante a Administración de xeito anónimo, cuestión que só contempla para as denuncias de acoso laboral.

Di o informe que *“Na nosa opinión, a condición de denunciante debe estenderse a toda a cidadanía na liña do apuntado na Lei do Consello de Contas; e respecto das denuncias anónimas, inclinámonos pola súa admisión sen prexuízo da aplicación dun sistema de garantías que preserve o adecuado equilibrio entre o anonimato e a esixencia de rigor por parte do denunciante. A aceptación nestes termos evita as consecuencias de ignorar feitos ou actuacións (acreditados con probas) que poderían ter a consideración de graves pola circunstancia de non coñecer a identidade da persoa denunciante”*.

O ente fiscalizador é especialmente duro co Código Ético impulsado polo propio Feijóo: *“En relación co cumprimento do Código Ético, o Consello de Contas descoñece se se está realizando o informe anual de seguimento sobre o seu nivel de cumprimento”*, di, para engadir que *“non se establece un procedemento para a tramitación das violacións”* do Código Ético e *“non se establece un sistema de medidas de resposta”*. *“Tendo en conta que aínda non está implantado un sistema de control interno e integridade, o sistema de información e rendición de contas é menos transparente no que afecta á avaliación do cumprimento de obxectivos institucionais, e menos aínda aos obxectivos de integridade e de prevención da corrupción”*, engade Contas.

O ente fiscalizador tamén sinala que hai moito camiño por percorrer na avaliación dos posibles riscos de corrupción, onde a Xunta carece dun *“procedemento formal para a identificación e avaliación de riscos”*, ou no establecemento dun órgano da administración con capacidade non só de avaliación e control interno senón tamén de *“adoptar medidas de resposta”* ante os posibles incumprimentos. Igualmente, reclama avanzar na regulación dos grupos de interese (os coñecidos como *lobbys*) e aumentar o tipo de información



que se ofrece sobre as axendas dos altos cargos, das que a Xunta só divulga os actos públicos pero non as reunións internas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a consensuar cos grupos parlamentarios un pacto contra a corrupción poñendo en marcha un plan de loita contra a corrupción que implique ás principais institucións de Galicia, incluíndo a propia Administración autonómica, a Fegamp e o Consello de Contas.

Pazo do Parlamento, 2 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/12/2020 17:01:32

Paloma Castro Rey na data 03/12/2020 17:01:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/12/2020 17:01:59



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O eucalipto, especie alóctona de rápido crecemento orixinaria das nosas antípodas, está experimentando nas últimas décadas unha proliferación descontrolada en Galicia, ante a completa pasividade da Xunta, que ten o deber de ordenar e racionalizar o monte, fomentar e diversificar o noso sector forestal e velar pola aplicación do dereito a un medio ambiente digno establecido polo artigo 45 da Constitución.

En síntese, a única política forestal que practicaron os sucesivos gobernos populares foi a de deixar facer o que considerase cada propietario individual, de modo que o obxectivo do Plan Forestal de 1992 para o ano 2032, 245.000 hectáreas de eucalipto, estímase superado hoxe, achegándose probablemente ás 400.000 segundo diversas estimacións, e crecendo rapidamente ano a ano.

E a pesar de que o Plan Director da Rede Natura e o Catálogo e as Directrices da Paisaxe establecen restricións ás plantacións de eucaliptos nos espazos naturais protexidos e nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico, un recente estudo das universidades de Oviedo e León indica que as plantacións desta especie ocupan xa máis de 5.000 hectáreas en espazos protexidos. Tamén se estima que decenas de milleiros de hectáreas de superficie agrícola está sendo ocupada por plantacións de eucaliptos, que ademais invaden tamén as ribeiras dos nosos ríos, todo o anterior en flagrante e ben visible contravención da nosa lexislación, incomprendiblemente permitida pola Xunta, que dispón de todos os medios para evitala. Unha situación á vista de calquera que teña ollos e, simplemente, faga un percorrido por calquera parte de Galicia, con excepción de parte da provincia de Ourense.

No monte galego conflúen medio ambiente e economía. O eucalipto é un recurso económico que debe ser compatibilizado co respecto ao medio que impón o artigo 45 da Constitución, a lexislación nacional e a europea. A necesidade de limitar a expansión da especie, recoñecida pola propia Xunta, é maior tendo en conta a irrupción do *e. nitens*, que medra nas zonas interiores de Galicia, onde non podía facelo o tradicional *e. globulus*. Dito doutra forma, coa chegada do *nitens*, os límites naturais do eucalipto tenden a desaparecer, polo que o seu



potencial colonizador expándese, feito ao que se une que o cambio climático tende a aumentar o hábitat apto para esta especie.

A inexistencia dunha política forestal axeitada afondou os problemas do monte. A revisión do plan forestal é, sen dúbida, unha ocasión para dinamizar un sector económico estratéxico, dentro do dereito a un medio ambiente adecuado e sen perder de vista a íntima relación cos lumes pero non contribúe á esperanza a carencia -criticada polo Consello de Contas- dunha mínima avaliación do cumprimento do plan anterior.

Tampouco contribúe á esperanza o feito de que o ex conselleiro de Medio Ambiente D. Carlos del Álamo forme parte do Consello de Administración de Ence ou que a ex conselleira Dña. Beatriz Mato teña sido contratada pola empresa Greenalia menos de 2 anos despois de deixar a Xunta.

Un estudo efectuado recentemente pola Universidade do País Vasco e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, por encargo do Goberno vasco, a instancias do Parlamento vasco -que en 2018 debatera sobre a consideración ou non desta especie como invasora-, conclúe que as plantacións de eucaliptos “teñen un efecto ambiental negativo, tanto no País Vasco como no resto da península”. O estudo considera que, aínda que os incendios forestais e a loita contra o quentamento global “son aspectos complexos nos que xogan tanto factores biofísicos como socioeconómicos”, consideran que “en ambos campos as plantacións de eucaliptos non reducen, senón que aumentan os riscos” fronte a outro tipo de especies forestais, concluíndo que “a expansión do eucalipto pode ocasionar serios efectos ambientais no País Vasco e ameazar aínda máis especies incluídas no Catálogo Vasco de Especies Ameazadas’.

Son tamén diversos e reiterados os estudos científicos feitos en Galicia que conclúen que o eucalipto reduce a biodiversidade.

Por outra banda, o efecto paisaxístico das plantacións de eucaliptos é tamén evidente, eliminando as variacións estacionais de cores propias dos bosques caducifolios que tanto enriquecen a paisaxe e cada vez son máis limitadas en Galicia.

E o traballo da investigadora da Universidade da Coruña Marta Lamigueiro Durán, titulado “Patrimonio forestal sostenible en Galicia: el eucalipto” publicado tamén recentemente conclúe o seguinte:



“A propósito de lo recogido en el apartado I de este trabajo, podemos constatar que el eucalipto es una especie pirófito, no autóctono y que provoca un impacto en el ecosistema natural. En cambio, constituye el producto forestal más abundante de Galicia por su gran rendimiento económico. A través de la información a la ciudadanía y de un cambio de las políticas forestales, nuestra Comunidad Autónoma se podría ver envuelta en un cambio en la industria maderera. En relación a dichas políticas, y tal y como se establece en el apartado IV, Galicia necesita la inmediata aprobación de su nuevo Plan Forestal. Al ser el actual del año 1992 y a pesar de las revisiones realizadas, no se adapta a la realidad jurídico-práctica de la Comunidad, cuestión muy relevante por el importante impacto económico que produce la industria forestal. El nuevo Plan Forestal se redactó en 2012, sin embargo en 2019 sigue sin aprobarse. Esta constituye una situación de incerteza jurídica que no resulta beneficiosa a un territorio con una producción en este sector tan elevada....sería un error prohibir totalmente las plantaciones de eucalipto, tanto por las grandes superficies con las que cuenta esta especie en Galicia como por la rentabilidad económica que supone respecto al mundo rural. No obstante, no es recomendable seguir con las políticas de actuación vigentes, ya que nuestra Comunidad Autónoma cometería el riesgo de convertirse en un territorio de monocultivo forestal de eucaliptales. Por ello, a pesar de no prohibir esta especie por el gran impacto que supondría, se deben tomar diversas medidas para su limitación. Es inexcusable también un fomento de la ordenación forestal y la silvicultura, como se establece en el apartado IV, propiciando así la gestión forestal sostenible. Asimismo, sería positivo fijar un límite de ocupación del territorio y la prohibición de plantación de nuevas especies de Eucalyptus en espacios naturales protegidos”.

En suma, o eucalipto como valor económico do que depende parte da economía de Galicia debe ser conciliado co dereito a un medio ambiente adecuado constitucionalmente protexido e que se vai desenvolvendo cada vez máis a medida que a sociedade cobra conciencia da importancia de protexer o medio e das consecuencias de non facelo, que se manifestan crecentemente nos nosos días e ameazan directamente o noso modo de vida. Esa conciliación non existe en absoluto na actualidade, nunha claro desleixo de funcións por parte do Goberno galego, con consecuencias directas sobre o medio e a paisaxe de Galicia.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que adopte, sen demora, as medidas oportunas de todo tipo que permitan poñer fin á expansión incontrolada das plantacións de eucalipto en Galicia, incluíndo a redución progresiva desa especie nos espazos naturais protexidos, nos terreos agrícolas e nas ribeiras dos ríos e a protección e fomento das especies frondosas e dos bosques autóctonos; así como a compatibilizar de xeito eficaz o rendemento económico do monte galego co dereito a desfrutar dun medio ambiente digno establecido no artigo 45 da Constitución.

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2020

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/12/2020 18:17:35

Paloma Castro Rey na data 03/12/2020 18:17:56

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/12/2020 18:18:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a retirada dos documentos con número de rexistro **5100** e **5101** por un erro material.

Santiago de Compostela, 01 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2020 12:25:17



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Recentemente, a AEGE, con 6 socios en Galicia, enviou unha carta á Secretaria de Estado de Enerxía e ao Secretario Xeral de Industria e da PEME na que se manifesta a preocupación e a decepción dos seus membros pola retraso na aprobación das medidas enerxéticas que o Goberno central prometeu en numerosas ocasións cara a garantir un prezo eléctrico competitivo para as empresas electrointensivas.

Así pois, o prezo final da enerxía en España segue a ter numerosos cargos que a fan máis cara ca dos nosos principais competidores europeos. Esta diferenza supón unha clara desvantaxe competitiva que o Goberno central segue a prolongar a pesar de que segundo o Real Decreto-ley 20/2018 xa tiña que ter aprobado o Estatuto de Consumidores Electrointensivos en xullo do pasado ano.

Porén, a pesar de que o Goberno presentou uns Orzamentos Xerais do Estado nos que se se recolle unha partida de 200 M€ para as compensacións por custes indirectos de CO2 que se outorgarán o próximo ano, o Goberno non incrementou todo o que podería as compensacións polos custes do ano 2019.

Neste senso, recentemente soubemos que o Goberno incrementara a contía ata 61 M€, cifra que segue estando lonxe do máximo de 275 M€ que contempla a orde de convocatoria.

Por último, o Goberno central convocou as poxas de interrumpibilidade con menos potencia da historia (1.000 MW), na que tamén eliminou os bloques de 40 MW,

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



distribuindo case un 95% menos de fondos a través deste mecanismo no primeiro semestre do 2020. Ademais, non as convocou para o segundo semestre do 2020 e non semella que as vaia convocar para o primeiro semestre do 2021.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a adopción das seguintes medidas:

1. Completar a contía das compensacións por custes indirectos de CO₂ do ano 2019 ata o máximo permitido.
2. Aprobar o Estatuto de Consumidores Electointensivos coas alegacións presentadas polo sector e pola Xunta de Galicia, marcando así a folia de ruta para dispor a medio prazo de medidas similares ás que a industria desfruta en Alemaña e Francia.
3. Eximir dos cargos de financiación das renovables e da coxeración ás industrias con un gran consumo enerxético.
4. Convocar novas poxas de interrumpibilidade para o primeiro semestre do ano 2021 acordes ás capacidades das empresas electointensivas.
5. Reducir as peaxes eléctricas para as industrias electointensivas. ”

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2020



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/12/2020 13:14:09

Marta Nóvoa Iglesias na data 02/12/2020 13:14:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/12/2020 13:14:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Borja Vereza Fraiz na data 02/12/2020 13:15:19

José Antonio Armada Pérez na data 02/12/2020 13:15:37

Ovidio Rodeiro Tato na data 02/12/2020 13:15:54

Cristina Sanz Arias na data 02/12/2020 13:16:07

Sandra Vázquez Domínguez na data 02/12/2020 13:16:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia**, sobre a situación económica e social xerada en Galiza por mor da nova reestruturación do Banco Santander e, en xeral, pola nova fase de concentración bancaria.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

É urxente tomar medidas diante do impacto económico, laboral e social da fusión do BBVA co Sabadell e o ERE do Santander.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos unha profunda preocupación polas repercusións en Galiza da nova vaga de fusiones bancarias e da nova ofensiva de recortes e ERE por parte das entidades bancarias para continuar a aforrar custos coa desculpa da covid-19 e que se acrecenta ás dramáticas consecuencias vividas na década anterior por mor dos axustes após a crise financeira de 2008.

Após o impacto do coronavirus o escenario financeiro estatal e internacional apunta a unha cadea de fusiones que xa se están comezando a producir. Nestes momentos, tanto o Banco Central Europeo como o Banco de España apuntan ás fusiones





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como única saída na crise da covid-19 e no marco dun deseño financeiro claramente conducido cara grandes oligopolios. Isto, ademais, parece ser a antesala dun proceso de fusións supranacionais que suporán un chanzo sen precedentes na concentración e oligopolización bancaria.

Nas últimas semanas, para alén de precipitárense diferentes hipóteses de fusións no escenario estatal, Galiza comeza a ver como vai afectar o novo ERE do Santander, cuestión pola que se teñen impulsado desde o ámbito sindical diferentes mobilizacións ao longo do noso país.

Segundo denuncia a Confederación Intersindical Galega, nos últimos cinco anos, o Banco Santander aplicou unha destrución de emprego no conxunto do Estado español de máis de 5.000 postos de traballo, con importantes repercusións en Galiza, e agora impulsa outro expediente extintivo para reducir o cadro de persoal en 5.090 persoas, alegando a baixada nos servizos de atención presencial que demanda a clientela. Esta demanda, ademais, non deixa de ser ficticia e inducida polas prácticas lesivas para as e os consumidores que aplican esta e outras entidades para desincentivar as visitas ás oficinas e obrigar ás operacións vía caixeiro, teléfono ou internet. Cuestión que, como xa temos denunciado, afecta negativamente aos dereitos das e dos consumidores, mais especialmente para aqueles sectores da poboación que non teñen un nivel óptimo de manexo da tecnoloxía ou non teñen infraestruturas bancarias na súa contorna, froito dos sucesivos peches de entidades e mesmo caixeiros.

Máis aínda, esta nova ofensiva bancaria non está exenta de novos peches de entidades. Segundo denuncian as e os traballadores, este axuste implicará o peche de 79 oficinas máis: 32 na provincia da Coruña, 15 en Lugo, 9 en Ourense e 23 en Pontevedra, agravando a exclusión financeira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta nova ofensiva pon de relevo tamén as consecuencias, aínda non concluídas, do proceso de esfarelamento do mapa financeiro galego. É preciso recordar que no ano 2017 o Santander adquiría polo ridículo prezo dun só euro o legado do Banco Popular-Pastor. Daquela, había en Galiza un total de 415 oficinas e 2.430 persoas traballando nas tres entidades. Apenas tres anos despois desta operación observamos como no gran banco que absorbeu as entidades, o Santander, traballan 1777 persoas, case mil menos, e están abertas 234 oficinas, practicamente a metade, ao tempo que se empeoran as condicións laborais e as condicións para a clientela.

Este é un problema de primeira orde para o país desde diferentes puntos de vista que se entrecruzan. Dunha banda, en termos xerais, a nivel económico, polo agravamento da concentración e o endurecemento do acceso a crédito por parte de empresas e particulares nun momento de grave crise económica por mor da covid-19. Por outra banda, repercusións brutais en termos de destrución de emprego e precarización nun momento no que tamén o mapa laboral está gravemente afectado polas consecuencias dunha pandemia que non ten aínda horizonte de remate. Finalmente, ten unha grave afectación no incremento da exclusión financeira en sentido amplo, do punto de vista territorial e tamén social, e do abuso sobre as e os consumidores.

É, polo tanto, urxente que a Xunta de Galiza abandone a súa política de non intervención nestes asuntos e defenda os intereses das e dos traballadores e da poboación galega en xeral, que inevitablemente é na súa maioría usuaria das entidades bancarias.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento Galego acorda, por resolución, expresar o seu rexeitamento respecto da nova ofensiva de concentración financeira que sofre Galiza e as súas consecuencias laborais, sociais e económicas e, particularmente, expresar o seu rexeitamento do novo ERE do Banco Santander e expresar a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras afectados.

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Estabelecer unha canle de diálogo e traballo estable coas forzas sindicais implicadas no ERE do Banco Santander de cara a negociar con esta entidade que desista de continuar a eliminar postos de traballo e oficinas no noso país.

2. Elaborar no prazo máximo de 2 meses, contando coa participación da Comisión Galega da Competencia e do Consello Económico e Social, un estudo completo respecto das consecuencias en Galiza da concentración bancaria e a previsión do impacto da crise do coronavirus. Dito informe remitirase ao Parlamento Galego para o seu debate.

3. Demandar do goberno central o establecemento de condicións que obriguem á á devolución íntegra das axudas e avais públicos concedidos ás entidades financeiras de maneira que os procesos de fusión non poidan supoñer unha vía de omisión da devolución.

4. Demandar do goberno central as modificacións legais oportunas para esixir ás entidades financeiras unha rede mínima de oficinas e atención ao público ao longo do territorio segundo a súa implantación.”

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/12/2020 12:07:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/12/2020 12:07:47

Daniel Pérez López na data 03/12/2020 12:07:59

Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2020 12:08:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre o tratamento informativo da violencia machista en Galiza e as medidas que debe impulsar a Xunta ao respecto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Debido á importancia de que o Parlamento se pronuncie a respecto deste asunto coa maior celeridade posíbel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2 de decembro soubemos dun novo asasinato machista en Galiza, o terceiro de 2020.

Desde o colectivo de mulleres profesionais das Ciencias da Comunicación, Xornalistas Galegas, advertiron a través das súas contas en redes sociais do tratamento informativo que diversos medios do noso país deron á noticia e a falta de perspectiva de xénero coa que se aborda a violencia machista habitualmente.

Entre outros, a recompilación de fontes que non achegan información e contribúen á xustificación social do agresor, a reiteración da non existencia de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

denuncias previas por violencia de xénero, a identificación da violencia machista como unha ‘lacra’ desvirtuando o seu carácter estrutural e un longo etcétera.

Malia que en Galiza existen manuais, guías e outro tipo de estudos e documentos profesionais encamiñados a promover un tratamento informativo con perspectiva de xénero e socialmente responsábel da violencia machista, é habitual que a cobertura informativa non sexa nin responsábel nin rigorosa.

Desde a aprobación en 2007 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a Xunta de Galiza ten a obriga de velar “para que nos medios de comunicación de Galicia se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre violencia de xénero” e promover “que cando se difundan novas relativas á violencia de xénero se agreguen pautas informativas dos recursos de prevención, asistencia e protección existentes en Galicia e que garden relación co feito difundido. Así mesmo, promoverase que as informacións relativas á violencia sobre a muller velen polo dereito á intimidade das vítimas e das súas fillas e fillos” (artigo 9.2)

Para cumprir con este obxectivo a Xunta “promoverá acordos e convenios de autorregulación en todos os medios de comunicación social, achegando os criterios orientadores que sirvan como pauta de actuación sobre como tratar a violencia de xénero e a imaxe das mulleres. Estas normas de autorregulación terán carácter de códigos deontolóxicos ou de contido ético” (artigo 10).

É fundamental que o Goberno galego asuma, desde unha posición proactiva, a responsabilidade que ten e promova medidas e accións encamiñadas a garantir un tratamento informativo rigoroso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Reformar a composición do Observatorio galego de violencia de xénero para incorporar, entre outras, unha persoa especialista en comunicación e xénero e outra en publicidade e xénero.

2. Elaborar, publicar e difundir, a través do Observatorio galego de violencia de xénero, un informe anual sobre o tratamento da violencia machista nos medios de comunicación galegos e naqueles difundidos en Galiza.

3. Deseñar, co asesoramento de persoas expertas en comunicación e xénero, un modelo de intervención pública que sirva de guía ás persoas con responsabilidades públicas nos distintos niveis administrativos do noso país, diante de casos de violencia machista.

4. Introducir cláusulas de igualdade nos convenios e subvencións dirixidas aos medios de comunicación que penalicen e mesmo poidan deixar sen efecto as axudas, nos casos en que se promovan e/ou difundan mensaxes contrarias aos dereitos das mulleres así como un tratamento informativo sensacionalista e non rigoroso da violencia machista.

5. Promover medidas dirixidas a difundir os manuais sobre o tratamento informativo da violencia machista nos medios de comunicación e accións formativas dirixidas aos profesionais da comunicación en Galiza.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 03/12/2020 18:22:38

María Montserrat Prado Cores na data 03/12/2020 18:22:51

Olalla Rodil Fernández na data 03/12/2020 18:22:59



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Ovidio Rodeiro Tato, José Antonio Armada Pérez, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereá Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Cámara galega se posicione en apoio dos intereses do sector de automoción e demande do Goberno de España que modifique os treitos fiscais do imposto de matriculación para evitar unha suba automática coa entrada en vigor do novo sistema de medición WLTP.

Exposición de motivos:

A industria de automoción galega é unha cadea de valor máis completa e competitiva de Galicia. Formada pola planta de Vigo de Groupe PSA, máis de 130 empresas de compoñentes e auxiliares e o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia, CTAG, o sector ocupa a 24.400 traballadores e traballadora directamente e xera unha facturación de 9.700 millóns de euros, segundo as cifras publicadas polo seu clúster (CEAGA).

Tratase dunha industria estratéxica para a nosa Comunidade Autónoma que se caracteriza pola súa competitividade internacional e a súa aposta permanente pola innovación para anticiparse ante os retos da mobilidade do futuro: sustentabilidade, seguridade e conectividade.

Neste contexto, a automoción galega ten articulado un importante proxecto de colaboración que aproveita a oportunidade dos fondos europeos Next Generation para consolidar a fábrica intelixente, dixital e sustentable; optimizar os fluxos lóxicos; así como avanzar nas novas tecnoloxías, especialmente no eido da propulsión limpa, coa



previsión de mobilizar 1.300 millóns de euros e crear 900 novos empregos no horizonte do 2023.

Este pacto do sector debe acompañarse por parte do Goberno de España, creando un clima favorable ao seu desenvolvemento, intensificando as axudas que contempla o Plan nacional de Impulso da cadea de valor da Industria da Automoción; e modificando os tramos fiscais do imposto de matriculación para adecualo ao novo sistema de medición de emisións WLTP que entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro de 2021 co obxectivo de evitar un encarecemento automático con respecto á este ano ao redor do 20% de media, afectando a tres de cada catro modelos fabricados no noso país.

Esta medida foi adoptada en Estados membros directamente competidores da industria de automoción galega e española, como Francia ou Portugal, polo que compre actuar para evitar desequilibrios que impacten negativamente, máxime tendo en conta a evolución negativa do mercado tras a crise xerada pola covid-19. Un exemplo, no pasado mes de outubro as matriculacións de vehículos e todoterreos en España acumulan unha caída próxima ao 37% con motivo da evolución da pandemia e a situación incerteza, tanto desde o punto de vista económico, como en relación coa política improvisada do Goberno en materia de transición ecolóxica.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a modificación dos tramos fiscais do imposto de matriculación para adecualo ao novo sistema de medición de emisións WLTP que entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro de 2021 có fin de evitar un encarecemento automático con respecto á este ano”.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/12/2020 13:13:28

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/12/2020 13:13:48

Marta Nóvoa Iglesias na data 04/12/2020 13:14:05

Cristina Sanz Arias na data 04/12/2020 13:14:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ovidio Rodeiro Tato na data 04/12/2020 13:14:43

José Antonio Armada Pérez na data 04/12/2020 13:14:55

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/12/2020 13:15:15

Borja Vereza Fraiz na data 04/12/2020 13:15:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás accións a tomar para rescatar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

É necesario un posicionamento urxente do Parlamento e da Xunta dada a importancia do tema.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer a través dos medios de comunicación que Acciona empresa maioritaria até o de agora da Sociedad Concesionaria do Novo Hospital de Vigo, vai proceder á venda das súas accións (43.33%) a un fondo de investimento francés.

Esta operación que ven a sumarse a outras anteriores como mostra con toda claridade como a sanidade da Área Sanitaria de Vigo está controlada por fondos de investimentos e empresas estranxeiras, como consecuencia do modelo levado a cabo polo Partido Popular na Xunta de Galiza para construír o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, asentado en converter en negocio para as empresas privadas a atención sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este modelo está a significar un auténtico sangrado de recursos cara estas empresas, na vez de ser destinados á atención e mellora da sanidade pública. Un hospital orzamentado en 450 millóns de euros a pagar en 15 anos, pasou coa chegada de Núñez Feixóo á presidencia da Xunta a un custe de máis de 1400 millóns a pagar en 20 anos, até 2035. Ao pago pola construción hai que sumar as importantes cantidades que se contemplan nos orzamentos pola adxudicación que lle realizaron ao mesmo grupo de empresas da xestión de servizos “non sanitarios” como lavandería, limpeza...

No BNG mantemos que os chamados modelos “de colaboración público-privada” e a xestión da sanidade por empresas privadas levan consigo un maior gasto, unha mingua na calidade asistencial que recibe a poboación, perda de postos de traballo, maior precariedade. Ademais de opacidade, falta de transparencia no control da xestión da sanidade e perda de dereitos para a poboación e calidade asistencial.

Diante deste novo mercadeo coa propiedade do Hospital Álvaro Cunqueiro é o momento de que a Xunta actúe como Goberno do país e deixe de actuar como comercial dos grandes grupos e das multinacionais. Momento de actuar para rescatar o Hospital das gadoupas do capital privado facéndose coa participación da que se desprende Acciona, para que se converta no hospital público que sempre debeu ser e que a área sanitaria de Vigo precisa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza declara a súa defensa da sanidade pública galega, gratuíta, universal e de calidade e mostra a súa posición contraria a que grandes empresas ,fondos de investimento e multinacionais sexan as propietarias do Hospital





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Álvaro Cunqueiro de Vigo e mercantilicen e especulen coa sanidade da Área Sanitaria de Vigo, e polo tanto insta o Goberno galego a:

1. Realizar todas as actuacións precisas para rescatar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para que se converta no hospital público que sempre debeu ser e que a área sanitaria de Vigo precisa.

2. No inmediato proceder a adquirir a participación da que se desprende Acciona empresa maioritaria até o de agora da Sociedad Concesionaria do Novo Hospital de Vigo.

3. Realizar unha auditoría da xestión realizada pola Sociedad Concesionaria do Novo Hospital de Vigo dos servizos que ten concesionada a súa xestión.”

Santiago de Compostela, 04 de decembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/12/2020 13:17:29

Iria Carreira Pazos na data 04/12/2020 13:17:45

María do Carme González Iglesias na data 04/12/2020 13:17:59

Alexandra Fernández Gómez na data 04/12/2020 13:18:22

Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2020 13:18:33





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, en demanda de mantemento e adecuación das instalacións do CEIP María Pita, no concello da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha realidade que se repite en multitude de centros educativos galegos é o grave deterioro ao que, por falta do necesario mantemento progresivo, se viron sometidos desde hai anos.

Un mantemento inexistente en infraestruturas que acaba por dificultar o desenvolvemento da docencia na actualidade a respecto, por exemplo, do estado dos sistemas eléctricos ou das deficientes conexións a internet, que mesmo dificultou as posibilidades de facer fronte ás consecuencias da pandemia da COVID-19.

Un feito recorrente é a inexistencia de illamento térmico nas xanelas, co cal no inverno alumnado e profesorado están nas aulas, moitas delas con goteiras, cos abrigos postos, mentres que, no verán, chegan a marearse porque a falta de illamento térmico fai que nas aulas a temperatura sexa excesiva.

As carencias na accesibilidade aos centros, mesmo limitadoras en caso de mobilidade reducida pola presenza de escaleiras, xunto á falta de espazos cubertos, que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obrigan a entraren molladas as crianzas no centro, son outras das demandas reiteradas pola comunidades educativas.

Todas estas demandas frecuentes en Galiza concéntranse na realidade diaria do CEIP María Pita da Coruña.

Asemade, durante os recreos, neste centro os nenos e as nenas non poden saír ao exterior porque todos os espazos están descubertos e a única zona semicuberta que hai é unha pista na que se forman pozas, de maneira que o curso pasado as nenas e os nenos, “grazas” a un inverno pouco chuvioso, “só estiveron 80 días castigados sen saír ao recreo”, tal e como nos trasladan desde a ANPA do CEIP María Pita da Coruña.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a actuar de forma prioritaria e urxente no CEIP María Pita da Coruña, atendendo ás demandas reiteradas de mantemento e adecuación das instalacións do edificio escolar, así como á construción dun espazo cuberto que permita acoller o alumnado nas entradas e nos tempos de recreo nos longos días de chuvía que se suceden ao longo de todo o curso.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/11/2020 09:19:53

Daniel Castro García na data 27/11/2020 09:20:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/11/2020 09:20:11





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a concentración parcelaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia perdeu nos últimos 30 anos máis de 150.000 hectáreas produtivas, un 20% da súa superficie agraria útil, e ten neste momento preto de 900.000 hectáreas a mato, unha parte delas cunha moi boa aptitude produtiva, cando paradoxicamente moitas das explotacións agrogandeiras que seguen en activo teñen precisamente na escaseza de terra dispoñible un dos principais freos á súa actividade.

Co 6% do total da superficie rústica do Estado, Galiza concentra o 28% do número total de fincas existentes no Estado español. A nosa terra ten 11 millóns de parcelas rústicas pertencentes a 1,6 millóns de propietarios, o que quere dicir que dous de cada tres galegos/as posúen cando menos unha finca rústica. Polo tanto, cada propietario na nosa comunidade conta de media con 6,6 parcelas e a parcela media non chega aos 2.500 metros cadrados de superficie.

A persistencia destes graves déficits estruturais: a escasa superficie útil por explotación e o reducido tamaño das parcelas acerna irremediabilmente o crecemento do sector agrario galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben se ten producido unha reestruturación do sector como consecuencia da desaparición de dúas de cada tres explotacións nos últimos 30 anos, a situación da terra non mudou substancialmente, máis alá do incremento producido na superficie por explotación, motivado en grande medida polo efecto estatístico da notable redución no número de explotacións agrogandeiras.

Asemade, as reticencias tradicionais a figuras como o aluguer ou as dificultades para a mobilidade da terra, as causas de carácter cultural ou as motivadas por unha lexislación laxa, fan que unha parte das hectáreas das explotacións agrogandeiras que pechan non se transfiran ás que seguen en activo, pasando a unha situación de abandono ou forestación.

Se hai algo certo nos procesos de Concentración Parcelaria é que se trata dun lento e tedioso proceder que dura anos e anos que trunca as expectativas de mellora entre as xentes que o solicitan e que depositan esperanzas nesta modificación imprescindible das estruturas agrarias.

As primeiras concentracións parcelarias comezaron a facerse en Galiza na década dos 60 e 70, pero moitas parroquias de importantes zonas produtoras non teñen acometido aínda, medio século despois, ningún proceso deste tipo, ben por falta de interese e unanimidade veciñal, ben por falta de dilixencia da Administración, que é quen pilota estes procesos, nos casos de parroquias que teñen concentracións parcelarias solicitadas desde fai ducias de anos.

Na meirande parte das veces falamos de procesos en que a xuventude e expectativas da maioría dos propietarios de parcelas a concentrar foron esmorecendo ata chegaren á apatía, falta de vontade emprendedora e perda de 20 ou 25 anos nun interminable e tortuoso periplo que non conduce a ningures.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A velocidade con que se moven os cambios nas labores e maquinaria agrícola, os fertilizantes, as mudanzas de cultivos emerxentes, os mercados e posibilidades de investimentos sitúan as novas xeracións na incredulidade perante a futura reestruturación da propiedade agraria entendida como ferramenta esencial para a dinamización e fixación de poboación no rural.

Estes procesos de reestruturación da propiedade e modernización de infraestruturas son por tanto lentos, lentos, lentos... e moi farragosos. Ademais de deixar feridas fondas e conflitos sociais entre a veciñanza, que tardan moitos anos en curar.

A Xunta destina anualmente uns 20 millóns de euros a estes procesos de concentración parcelaria, regulada pola Lei 4/2015, de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza, que tratou de axilizar estes procesos, pero na práctica non se está a solventar a problemática existente.

Entre 20 e 25 anos se sitúa a tardanza dos máis deles, tempo suficiente para o seu enquistamento e transmisión á sociedade rural da apatía con que se tratan as diferenzas entre propietarios/as e os recursos públicos que tras eses longos anos se volven incapaces de volver á sociedade o rendimento dinamizador para que foron destinados.

A pasada X Lexislatura, a prensa e propaganda do PP denominouna a “*bombo e platillo*” a *lexislatura do rural* e así tivemos que aturar nos argumentarios prepotentes con que o “Grupo Maioritario da Cámara” agasallaba á oposición afirmacións categóricas de que a fins desa X Lexislatura os procesos de concentración parcelaria en curso estarían finalizados.

E non foi así, Catoira, Figueiras, Vilvestro, San Bicenzo de Curtis, ou as 8 parroquias de Agolada, onde a plataforma “Queremos Parcelarias” elevou a queixa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

formal ao Parlamento Europeo...e así, cen máis están agardando por unha maquinaria que non resposta, que é lenta, que actúa á defensiva, que crea problemas alí onde non os hai... e que invita á renuncia e ao desespero.

Un total de 104 parcelarias están neste momento sen rematar en Galiza, moitas delas iniciadas hai máis de 10 anos e noutros 17 casos as concentracións están rematadas agardando pola entrega dos títulos aos novos propietarios. Afectan en total a máis de 100.000 hectáreas de superficie, aínda que ameirande parte é superficie forestal, xa que só unha de cada tres concentracións parcelarias que se está a levar a cabo ten lugar en terreo agrícola.

O pequeno tamaño das parcelas e a súa dispersión é un dos principais problemas que lastra o desenvolvemento do sector agrogandeiro e forestal en Galiza, porén as concentracións parcelarias debían ter sido executadas hai 30 anos, cando a maioría dos propietarios eran tamén agricultores e gandeiros, hoxe hai que facelas só alí onde é máis urxente e se necesitan, porque son investimentos importantes que hai que asegurar para o fin para o que se fixeron, evitando que despois esas terras queden no abandono, se urbanicen ou se planten ilegalmente.

Podemos concluír, que tal e como está a executar a Xunta de Galiza o modelo da concentración parcelaria, unha das ferramentas clásicas de mellora da produtividade da terra e loita contra o minifundio, un problema endémico do noso agro, resulta moi pouco efectiva para ordenar o territorio galego no seu conxunto.

Incluso ata o pasado mes de outubro, o alcalde do PP no concello lugués de Friol, José Ángel Santos, esíxelle á Consellaría do Medio Rural que acometa de inmediato a concentración parcelaria da parroquia de Seoane e o núcleo de Mundín. Non se precisan máis palabras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Tomar as medidas necesarias, tanto administrativas coma orzamentarias, para que se resolvan os conflitos que retardan os procesos de concentración parcelaria pendentes de finalización e propiciar que estes rematen en breve.

2. Cumprir coas promesas de retomar os procesos de concentración xa iniciados que cumpran coa principal condición: ser útiles á demanda de desenvolvemento agrario e gandeiro das parroquias solicitantes.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2020 09:45:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/11/2020 09:45:37

María González Albert na data 27/11/2020 09:45:45

María del Carmen Aira Díaz na data 27/11/2020 09:45:54





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a execución do Programa de Desenvolvemento Rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao remate do anterior programa de desenvolvemento rural (2007-2013), e por razóns que descoñecemos, quedou sen executar unha porcentaxe, de ao redor do 5% do total pero que supuña un importante montante: 55.946.377 millóns de €, unha cifra que se elevaría a 74.000.000 m de € se aos fondos de Bruxelas se lle engade a parte que lle correspondería cofinanciar á Xunta de Galiza e ao Ministerio, cos que sen dúbida se poderían ter emprendido medidas que sería beneficiosas para o conxunto do rural galego.

Dado que estamos chegando ao remate final do programa 2014-2020 e atopamos medidas e submedidas cunha minúscula porcentaxe executada, étranos un temor xustificadísimo a que quede desta volta tamén unha importante cifra, en millóns de €, sen executar.

Hai medidas que teñen executado o 3% do seu orzamento pero noutras a execución é do 0%, sería pouco argumentable que de tódolos fondos europeos que lle corresponden a Galiza e que necesitamos aquí para facer rendible o traballo agrícola, gandeiro e forestal en condicións de dignidade, quede unha parte sen investir.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A denominación xenérica dalgunha delas puidera facernos pensar que non é importante pero temos confianza plena en que se non o fora non estaría incluída no PDR galego.

Debemos pensar pois, a que achacamos a lentitude de execución desas medidas e submedidas, e prantéxansenos varias posibilidades, nomearemos un par delas:

-Falta de axilidade e compromiso político na toma de decisións para levar ao rural galego camiño do seu futuro.

-Falta de medios materiais e persoal suficiente para a xestión destas medidas, xa que o sistema público de asesoramento e xestión agraria está extenuado por falta de dimensionamento adecuado das plantillas.

Con estes 2 puntos non queremos dicir que non haxa máis causas, o que si temos claro é que deixar que o rural galego perda oportunidades por omisión, indolencia ou o que sexa é unha clara falta de respecto ao traballo rural e non axuda a dignificalo nin económica nin socialmente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a executar o 100% do orzamento dos programas de desenvolvemento rural nos períodos que proceda, co fin de darlle ao rural galego todos os elementos posibles subsistir dignamente e acadar melloras que lle fagan gañar en consideración social.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2020 10:27:04

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/11/2020 10:27:09

María González Albert na data 27/11/2020 10:27:18

María del Carmen Aira Díaz na data 27/11/2020 10:27:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a situación do parque forestal Castiñeiras, nos concellos de Vilaboa e Marín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque forestal de Castiñeiras, situado en terreos das comunidades de Montes de Vilaboa, Santa Cristina de Cobres, Santo Tomé e Xan Xulián de Marín, está a experimentar un grave deterioro e abandono ao longo dos últimos anos.

Segundo denunciou a directiva da comunidade de montes de Vilaboa a Xunta de Galiza está a incumprir o convenio asinado no 2001, con 30 anos de vixencia, que obriga á administración autonómica a desenvolver un plan anual de actuación nas máis de 20 hectáreas conveniadas. Esta situación foi comunicada pola comunidade de montes en repetidas ocasións, sen que se dea ningunha resposta por parte da Consellaría de Medio Ambiente.

O estado de deterioro do parque é evidente e vai cada vez a máis, o que está a causar tamén as queixas das persoas que se achegar ao lugar. As principais mostras de abandono son as seguintes:

- a) Falta de coidado e de tratamento do xardín botánico e das zonas arboradas. Non se fan podas, nin tratamentos silvícolas nin retirada de árbores danadas ou secas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) A lagoa artificial, o elemento máis emblemático do parque, corre o risco de secar porque non se fixeron traballos de mantemento nin se repararon as fendas do muro.

c) O valado de madeira que rodea a área do parque está deteriorado e en moitas zonas está derrubado no chan ou non existe.

d) Unha senda de terra que se arranxou en anos pasados ten varios puntos en mal estado pola acción das chuvias e as escorrentías.

e) O mobiliario está deteriorado e en mal estado.

f) Deficiente sinalización tanto nos accesos como no propio parque.

Por outra parte, nos terreos do parque existe unha importante área arqueolóxica formada por un conxunto de mámoas que precisa tamén de mantemento, limpeza e promoción.

Esta situación de deterioro, declive e abandono vaise ver acrecentada polo traslado ao concello de Cerdedo-Cotobade do Centro de Recuperación de Fauna Silvestre que ata agora estaba ubicado no parque de Castiñeiras, en terreos do concello de Marín.

Tendo en conta a gravidade do estado en que se encontra o parque, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a desenvolver un plan urxente de actuacións no lago e parque de Castiñeiras, dándolle prioridade ás seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cumprir de forma inmediata o convenio asinado en 2001 coa Comunidade de Montes de Vilaboa, que obriga á administración autonómica a aprobar un Plan Anual de Actuación no espazo obxecto do acordo. Neste sentido, deberá aprobarse un Plan extraordinario de actuación para compensar a falta de investimento nos últimos anos.
2. De non cumprir, a Xunta de Galiza, o convenio, deixar este sen efecto e reverter a xestión e mantemento do terreo á Comunidade de Montes de Vilaboa, propietaria do mesmo.
3. Desevolver un Plan de conservación e mellora do Xardín Botánico de Castiñeiras.
4. Asinar un convenio coa Comunidade de Montes de Santa Cristina de Cobres, propietario do inmovible, para facer actuación de reforma e mantemento do Miradoiro de Cotorredondo, xa que nestes momentos non pode estar aberto por imposibilidade da Comunidade de Montes de mantelo en condicións óptimas.”

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2020 13:12:57

Alexandra Fernández Gómez na data 30/11/2020 13:13:01

Paulo Ríos Santomé na data 30/11/2020 13:13:08



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Jose Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

O procedemento de intercambio de posibilidades de pesca (ou *swaps*) entre os estados membros da UE é habitual e realízase a principios de ano ou cando unha cota está próxima a esgotarse.

En canto á primeira modalidade, emprégase cando hai un Estado demandante de determinadas cotas e existen cotas que outro Estado considera excedentes ou sobrantes porque non as adoita esgotar e realízase especie por especie para que se poidan programar as diferentes pesqueiras ao longo da campaña anual.

Trátase dun intercambio estratéxico que utilizan os Estados para mellorar aquelas pesqueiras deficitarias de cota, sen entrar en detrimento de ningunha outra, antes de proceder á repartición das cotas entre as diferentes pesqueiras.

E en canto á segunda modalidade, realízase cando unha cota está próxima a esgotarse, co obxectivo de que o Estado poida manter activa a pesqueira. Analízase a dispoñibilidade da especie e a disposición de intercambiala, para comprobar as posibilidades reais.

Ambos tipos de intercambios buscan obter unha maior cota de stocks con interese comercial ou paliar o efecto estrangulamento de determinados stocks; unha práctica na que, tradicionalmente, participa España.

No caso do peixe espada no Atlántico Norte, en España non existe reserva de cota para computar as capturas accidentais de determinadas froas que ata o de agora non tiñan ningunha asignación deste stock. Sen embargo, coñécese que se realizaron intercambios de pesca con Portugal ao longo do ano.



Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate neste Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a información sobre as seguintes cuestións:

- A cantidade de peixe espada que España cedeu a Portugal.
- Que recibimos de Portugal a cambio da cantidade de peixe espada cedida por España.
- O destino da cota intercambiada entre España e Portugal”.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2020 17:47:41

Teresa Egerique Mosquera na data 30/11/2020 17:48:14

José Alberto Pazos Couñago na data 30/11/2020 17:48:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Manuel Cores Tourís na data 30/11/2020 17:49:54

Martín Fernández Prado na data 30/11/2020 17:50:14

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/11/2020 17:50:32

Daniel Vega Pérez na data 30/11/2020 17:50:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Jose Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

O procedemento de intercambio de posibilidades de pesca (ou *swaps*) entre os estados membros da UE é habitual e realízase a principios de ano ou cando unha cota está próxima a esgotarse.

En canto á primeira modalidade, emprégase cando hai un Estado demandante de determinadas cotas e existen cotas que outro Estado considera excedentes ou sobrantes porque non as adoita esgotar e realízase especie por especie para que se poidan programar as diferentes pesqueiras ao longo da campaña anual.

Trátase dun intercambio estratéxico que utilizan os Estados para mellorar aquelas pesqueiras deficitarias de cota, sen entrar en detrimento de ningunha outra, antes de proceder á repartición das cotas entre as diferentes pesqueiras.

E en canto á segunda modalidade, realízase cando unha cota está próxima a esgotarse, co obxectivo de que o Estado poida manter activa a pesqueira. Analízase a dispoñibilidade da especie e a disposición de intercambiala, para comprobar as posibilidades reais.

Ambos tipos de intercambios buscan obter unha maior cota de stocks con interese comercial ou paliar o efecto estrangulamento de determinados stocks; unha práctica na que, tradicionalmente, participa España.

No caso do peixe espada no Atlántico Norte, en España non existe reserva de cota para computar as capturas accidentais de determinadas froas que ata o de agora non tiñan ningunha asignación deste stock. Sen embargo, coñécese que se realizaron intercambios de pesca con Portugal ao longo do ano.



Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate nesta comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a revisión dos intercambios de cota autorizados con Portugal, e a prover de cota de peixe espada para capturas incidentais para a frota española nas mesmas condicións e facendo valer o dereito de tanteo”.

Santiago de Compostela, 30 de novembro 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2020 18:02:20

Teresa Egerique Mosquera na data 30/11/2020 18:02:41

José Manuel Cores Tourís na data 30/11/2020 18:02:50

Martín Fernández Prado na data 30/11/2020 18:03:01

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/11/2020 18:03:14

Daniel Vega Pérez na data 30/11/2020 18:03:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 30/11/2020 18:04:12

José Manuel Balseiro Orol na data 30/11/2020 18:04:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para garantir a seguridade sanitaria no uso do transporte colectivo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo xoga un papel crucial no desenvolvemento da vida do conxunto da poboación galega. Xa sexa para estudar, para ir ao centro de traballo ou para levar ao cabo as actividades cotiás, unha grande parte dos galegos e galegas recorren ao transporte público en formas diversas, como son o tren, o autobús ou no caso das vilas que dispoñen deste servizo, do barco.

Neste contexto de pandemia é preciso garantir a seguridade das persoas atendendo ás normas sanitarias co fin de frear os contaxios e a expansión do virus da COVID-19 no noso país.

Foron moitas as medidas restrictivas adoptadas polo goberno da Xunta de Galiza e do estado español, sendo as últimas, as do confinamento de até 60 concellos do noso país, o peche da hostalaría nestes concellos e a imposición do toque de recoller de 23h a 06h en todo o territorio galego.

Estas medidas poñen o foco do contaxio nas actividades sociais relacionadas ao consumo nos locais de hostalaría e nas reunións familiares e de amizade en domicilios





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

particulares, mais vemos como onde hai máis contacto entre persoas e onde máis se vulneran as condicións de seguranza sanitaria é nos centros de traballo, nos centros de ensino e no transporte colectivo.

Dende o comezo desta segunda onda da pandemia observamos un transporte colectivo masificado, ategado de xente nas horas puntas sen que o goberno galego tomase medidas ao respecto, co fin de garantir unha baixada das ratios de ocupación no transporte.

Casos concretos atopamos nas diferentes cidades e na súa contorna, onde o transporte colectivo xoga un papel fundamental á hora de asistir ás aulas e aos centros de traballo.

Moitas foron as protestas das usuarias destes servizos que ven vulnerada a súa seguridade e saúde e é responsabilidade do goberno da Xunta de Galiza poñer ás persoas e á súa saúde no centro das medidas e das políticas sanitarias.

Lonxe de tomar medidas que reforcen a seguridade sanitaria, a Xunta de Galiza decide permitir a ocupación da totalidade das prazas no transporte colectivo, afondando aínda máis no risco que supón tomar este tipo de medidas en ámbitos fundamentais para o desenvolvemento da vida cotiá das persoas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a :





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Tomar medidas que garantan a distancia interpersonal recomendada noutros contextos no uso do transporte colectivo terrestre e marítimo, pulando polo aumento dos servizos que rebaixen as ratios de ocupación dos transportes, aumentando, de ser preciso, os recursos destinados.

2. Reclamar do Goberno do Estado a tomar medidas que garantan a distancia interpersonal recomendada noutros contextos, no transporte colectivo no que ten competencias directas, aumentando, se é preciso, os recursos destinados a este fin.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 01/12/2020 10:17:42

Alexandra Fernández Gómez na data 01/12/2020 10:17:50





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 01/12/2020 10:17:58



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, leva anos convocando un programa de axudas á etapa de formación posdoutoral coa finalidade de incrementar a incorporación de persoal investigador ao sistema de I+D+i galego fomentando a mobilidade internacional e posibilitando posteriormente o establecemento dunha liña de investigación propia na súa institución de orixe.

Estas bolsas posdoutorais comprenden dous anos de estadía nunha universidade estranxeira -obrigatorios *de facto* para acceder a un posto estable na universidade española- e un de retorno nunha universidade galega, con opción a unha ampliación doutros dous para iniciar en Galicia unha liña investigadora. Son, xa que logo, unha moi boa opción para quen desexa seguir a súa investigación ligada ás universidades públicas galegas.

Estas axudas adoitan convocarse entre os meses de xuño e xullo, mais a convocatoria deste ano 2020 aínda non se realizou, algo que non parece moi razoable xa que suporía unha importante eiva non só na propia carreira investigadora das persoas afectadas senón tamén na mingua de potencial investigador para o noso País. Por unha banda, romper a regularidade das convocatorias de axudas provoca que as bolsas perdan atractivo para o persoal investigador ao non poder planificar axeitadamente e con tempo a súa solicitude.

De non se iniciar de inmediato a convocatoria da modalidade B, sería desexable establecer contratos-ponte ata a resolución para todas as persoas candidatas de 2016 e 2017 que obtivesen unha avaliación positiva e cando menos ata a resolución das avaliacións finais da modalidade A para todas as persoas candidatas á B.

Por outra banda, a Xunta de Galicia debería dar unha solución urxente ás persoas que foron pais ou nais ou tiveron unha baixa de longa duración durante os seus contratos da Modalidade A para que non existan agravios comparativos coas súas promocións. Neste senso, o colectivo de persoas afectadas trasladaron ao conselleiro responsable unha proposta de medidas reguladoras para garantir a igualdade de xénero no acceso ás convocatorias públicas de investigación sen que ata o de agora tivesen resposta de ningún tipo.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º. Publicar, antes de que finalice este período de sesións, a convocatoria correspondente a 2020 do programa de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades de SUG, nos organismos públicos de investigación e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego.

2º. Realizar contratos-ponte ás persoas candidatas de 2016 e 2017 cunha avaliación positiva ata a resolución da modalidade B e ás persoas candidatas á modalidade B, cando menos, ata a resolución das avaliacións finais da modalidade A.

3º. Solucionar con carácter inmediato a situación de desigualdade que se produce coas persoas que gozan de baixas de maternidade ou paternidade durante a modalidade A.

4º. Recibir, neste mes de decembro, o colectivo de persoal investigador afectado e estudar a proposta que lle foi remitida pola súa parte á Consellería de medidas reguladoras que garantan a igualdade de xénero no acceso ás convocatorias públicas de investigación.

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 30/11/2020 13:19:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/11/2020 13:19:33

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/11/2020 13:21:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a redución da superficie de plantacións de eucalipto en determinados espazos e tipos de solo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As políticas forestais e de montes da Xunta de Galiza levaron nas últimas décadas a unha expansión descontrolada do eucalipto. Ademais das plantacións vinculadas principalmente á fabricación de pasta de papel, nos últimos anos proliferaron as plantacións relacionadas con potenciais aproveitamentos para centrais eléctricas de biomasa e outros usos industriais.

A expansión descontrolada dos cultivos de eucalipto xa supera amplamente as previsións do Plan Forestal de Galiza e esténdese por amplas zonas do país que ate fai pouco estaban libres desta especie polo fomento das plantacións do eucalipto nitens, que se adapta a zonas máis frías e máis altas. Ao mesmo tempo, a eucaliptización está provocando a forestación de terras agrarias e está alterando os ecosistemas de espazos naturais protexidos, de bosques de ribeira e de concas fluviais.

Mentres que o Plan Director da Rede Natura e o Catálogo e as Directrices da Paisaxe establecen restricións ás plantacións de eucaliptos nos espazos naturais protexidos e nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico, a realidade é que as plantacións desta especie ocupan xa máis de 5.000 hectáreas en espazos protexidos,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

segundo un estudo das Universidades de Oviedo e León. Nas Fragas do Eume, os eucaliptais ocupan o 13% das 9.000 hectáreas do parque natural. Na provincia da Coruña, o eucalipto ocupa o 44% do total de superficie de bosques.

Segundo o estudo realizado pola Escola Politécnica de Mieres e pola Facultade de Enxeñaría Agrícola e Forestal de León, o cambio climático vai facer aumentar a superficie apta para estes cultivos, sobre todo na provincia de Ourense. Segundo estas previsións, no ano 2050 habería un 40% máis de superficie apta para a plantación de eucaliptos, ata chegar aos 1,2 millóns de hectáreas. Unha das consecuencias deste proceso será a presión sobre zonas propicias para o bosque máis naturais e de maior biodiversidade.

Máis alá do debate de fondo sobre as plantacións de eucalipto, os seus aproveitamentos, o modelo económico ao que serven, e as súas consecuencias nos solos, nos incendios, nas reservas de auga e na biodiversidade, parece evidente a necesidade de ordenar, regular e restrinxir as plantacións e a expansión do eucalipto en determinadas zonas especialmente sensíbeis e en terras que poidan ter potencialidades para usos agrarios, pastos, bosques de frondosas e usos multifuncionais do monte.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Establecer unha moratoria nas plantacións de eucaliptus nitens.
2. Elaborar un plan de recuperación de terras agrarias reforestadas con eucaliptos e con outras especies forestais, co obxecto de darlle prioridade á produción





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sustentábel de alimentos. Neste plan establecerase o obxectivo de recuperar ao longo de 10 anos un tercio das 30.000 hectáreas de terras agrarias con plantacións forestais ilegais.

3. Elaborar un plan plurianual para controlar a expansión e reducir progresivamente a presenza do eucalipto en espazos naturais protexidos e en Áreas de Especial Interese Paisaxístico, con obxecto de reducir a súa presenza nun 50% en 5 anos.

4. Elaborar un plan plurianual para controlar a expansión e reducir as plantacións de eucaliptos en bosques de ribeira e en bacías fluviais.

5. Elaborar un plan para reducir a presenza en superficies de pastos e para mitigar a alta presión desta especie en bosques latifoliados naturais de maior biodiversidade.”

Santiago de Compostela, 01 de decembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 01/12/2020 10:40:46

Alexandra Fernández Gómez na data 01/12/2020 10:40:52

Xosé Luis Bará Torres na data 01/12/2020 10:40:59



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñado, José Manuel Balseiro Orol, Jose Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

A Covid-19 que afecta a todo o mundo, e especialmente á UE, desde o pasado mes de febreiro, supuxo unha serie de limitacións de participación nas reunións presenciais en practicamente todas as administracións e organizacións empresariais. Mentres en moitas delas as dificultades de mobilidade e acceso paliáronse a través dos recursos *online*, noutras, en cambio, mantívose a presencialidade, restrinxindo o número de participantes.

Isto é o que ocorreu coas reunións do Consello de Ministros da UE e os seus grupos de traballo nalgunhas materias, co consecuente menoscabo dos dereitos de participación das comunidades autónomas (CCAA). É o caso de Galicia no grupo de traballo de Pesca, cuxa restrición lle afectou directamente.

Aínda que en principio non se producía a participación das CCAA nos Consellos de Ministros, co tempo o Secretariado do Consello permitiu a asistencia de dúas persoas á sala principal e de outras dúas á sala de escoitas. Se ben é certo que polas restricións, o número de postos reduciuse a estes catro asentos por Estado membro, tamén o é que a participación das CCAA debe estar garantida, co que se debería reservar un deles para un representante autonómico, en concreto, con rango de conselleiro.

É por iso que desde a Xunta pediuse por escrito recentemente e en varias ocasións, sen éxito, a habilitación de máis salas de escoitas que permitan que as delegacións sexan máis numerosas, para non menoscabar os dereitos lexítimos das autoridades rexionais e dar así cumprimento aos acordos da Conferencia para asuntos relacionados coa UE (CARUE).

Esta demanda de volver ao modelo previo á Covid-19 foi trasladada pola Xunta na 63ª reunión do Pleno da CARUE. Un sistema cuxa implantación resulta máis urxente aínda (pese a que se realicen as reunións por videoconferencia), se temos en conta que nas



próximas reunións do Consello de Ministros negociarase e tomaranse decisións cruciais sobre o futuro da frota pesqueira española ante o Brexit, as posibles axudas ao sector e as cotas de capturas. Un contexto que fai imprescindible a presenza do goberno autonómico de Galicia, máis tendo en conta as pretensións de recortes de Bruxelas en todos as cotas dos caladoiros do Cantábrico, do litoral atlántico e do Gran Sol.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate neste comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a devolución para Comunidades Autónomas da representación nos Consellos de Ministros da UE, en especial no Consello de Ministros de Pesca, sen excepcións, e habilitando fórmulas de participación semellantes ás artelladas para a representación ministerial.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/12/2020 13:38:13

Teresa Egerique Mosquera na data 01/12/2020 13:38:29

José Alberto Pazos Couñago na data 01/12/2020 13:38:36

José Manuel Balseiro Orol na data 01/12/2020 13:38:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Manuel Cores Tourís na data 01/12/2020 13:38:59

Martín Fernández Prado na data 01/12/2020 13:39:15

María Elena Suárez Sarmiento na data 01/12/2020 13:39:47

Daniel Vega Pérez na data 01/12/2020 13:40:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Jose Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de Motivos:

Galicia segue con preocupación a situación na que se atopa o Instituto Social da Mariña (ISM) -dependente do *Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones*- e defende a necesidade de dotalo do persoal e medios necesarios para realizar as súas funcións con total normalidade, cuestión que non sucede en varios centros da costa galega, especialmente en Corcubión.

A esta circunstancia únese a provocada pola Covid-19, o que motivou un peche de servizos primeiro e unha redución da atención despois, provocando, segundo o sector, colapsos xeneralizados de atención sanitaria marítima, tanto en cuestións de recoñecementos médicos requiridos para embarcar como de certificación de revisión das caixas de primeiros auxilios preceptivas a bordo.

Así llo trasladou a conselleira do Mar ao director do ISM a finais de setembro nunha videoconferencia na que abordaron a situación do organismo. Neste encontro, no que tamén participou o presidente da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, a Xunta propuxo a adopción de distintas medidas para facer fronte ás dificultades administrativas derivadas da pandemia e facilitar o traballo do sector: a extensión das prórrogas de vixencia dos certificados médicos de aptitude para o embarque, dos documentos de revisión dos botiquíns esixidos a bordo e dos certificados de formación sanitaria.

Unha mingua do servizo sanitario que supón un prexuízo para todo o sector e cuxa demanda foi iniciada polo Partido Popular no campo parlamentario, a través da presentación de diversas iniciativas de ámbito nacional, provincial e local para reclamar a dotación de persoal aos centros do ISM e defender as prestacións sanitarias á frota.



Unhas iniciativas ás que se foron sumando os sindicatos e outras formacións políticas co transcorrer do tempo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate nesta Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central:

- 1. A cobertura das prazas vacantes de médico de Sanidade Marítima, de titulado medio e de oficial existentes en Galicia, con especial preferencia da praza do centro de Corcubión.*
- 2. A extensión das prórrogas unha vez remate a establecida prórroga ata o 31 de decembro de 2020 de certificados médicos de aptitude para o embarque marítimo, de revisión das caixas de primeiros auxilios preceptivas a bordo e de formación sanitaria específica e verificación da situación naquela altura temporal.”*

Santiago de Compostela, 1 de decembro 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/12/2020 14:21:27

Teresa Egerique Mosquera na data 01/12/2020 14:21:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 01/12/2020 14:21:55

José Manuel Cores Tourís na data 01/12/2020 14:22:07

José Manuel Balseiro Orol na data 01/12/2020 14:22:17

Martín Fernández Prado na data 01/12/2020 14:22:30

María Elena Suárez Sarmiento na data 01/12/2020 14:22:44

Daniel Vega Pérez na data 01/12/2020 14:22:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a mellora da estrada autonómica PO-543 entre Pontevedra e Marín .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO 546, coñecida como “estrada vella de Marín” é a vía de comunicación tradicional entre Pontevedra e Marín, con unha lonxitude de aproximadamente 6 km e medio. Discorre en paralelo coa vía do tren ao Porto e a autovía de Marín ou PO 11. Parte do barrio de Mollavao e chega ata o núcleo urbano de Marín pasando polos núcleos de Ponte Muíños, A Igrexa, o Roxo, Os Praceres e Estribela, na parroquia de Lourizán.

Con respecto ao treito de Mollavao, plenamente urbano, no que existe un centro escolar e un centro de saúde, o concello de Pontevedra manifestou o seu interese en asumir o traspaso do vial e impulsar as obras de urbanización para integralo na trama urbana da cidade. Esta actuación está actualmente pendente en tramitación, e prevese a súa execución por medio dun convenio entre o concello e a Deputación de Pontevedra.

Polo que se refire ao resto do trazado entre Mollavao e Marín, o seu estado é moi deficiente ao paso polo concello de Pontevedra:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- trátase dunha vía con moitas deficiencias en materia de seguridade, sobre todo para o tránsito peonil e ciclista.

- carece de beirarrúas e beiravías transitábeis.
- presenta graves deficiencias en materia de accesibilidade.
- ten carencias en materia de sinalización e alumeadado.
- as marxes presentan un estado de absoluto abandono...

En tanto que o treito pontevedrés leva practicamente 40 anos sen que se lle puxese a man enriba, mais alá duns metros de beirarrúas que incumpren a normativa de accesibilidade, na zona de Marín estase a realizar a urbanización do treito da PO 546 que corresponde coa Avenida Concepción Arenal mediante un convenio entre a Xunta de Galiza e o concello, con un investimento de 1,6 millóns, dos que a administración autonómica pon o 80%.

Cómpre ter en conta que se trata dun vial que ten unha elevada intensidade de tráfico, unha parte del de camións que acceden por esta estrada á fábrica de ENCE, e que atravesa varios núcleos de poboación, polo que desde o BNG entendemos que se debería acometer unha reforma integral para mellorar a seguridade viaria e a accesibilidade, creando unha senda peonil de entre 1,5 e 2,5 metros de ancho na marxe dereita en dirección Marín. Para levar a cabo esta reforma pódense aproveitar as beiravías actuais nalgúns treitos e noutros o paseo pode ir voado dados os desniveis que hai que salvar. Nalgunhas zonas habería que estudar tamén a posibilidade de realizar expropiacións.



Esta reforma integral debería incluír a mellora das interseccións con outras vías, a construción de pasos de peóns seguros, e procurar solucións diferenciadas para os seguintes ámbitos:

- a zona de Mollavao comprendida entre o viaduto do tren e a urbanización de Ponte Muíños, na marxe esquerda, na que existe espazo para a dotación de beirarrúas ou dunha senda peonil.

- o treito do núcleo da Igrexa, no que existe moi pouco espazo dispoñíbel entre a calzada e as vivendas.

- o núcleo dos Praceres, no que cómpre reordenar o estacionamento e dotar de beirarrúas.

- o lugar do Rozo cos accesos á estación do Areeiro e á Carballeira.

- o paso pola núcleo urbano de Estribela, no que é necesaria a urbanización completa dando continuidade á xa realizada na parte de Marín.

Tamén merece un tratamento específico a marxe dereita entre Mollavao e Ponte Muíños, onde existen terreos sobrantes entre a estrada PO 546 e a vía do tren que se deberían acondicionar para crear un miradoiro sobre a ría.

Na reforma da estrada tamén se deben estudar solucións para favorecer a mobilidade ciclista, toda vez que se trata da única opción para circular en bicicleta entre Pontevedra e Marín desde que se prohibiu o tránsito pola autovía.

Por último, a realización desta reforma integral podería aproveitarse para renovar e modernizar as redes de abastecemento de auga e de saneamento, no caso de que sexa necesario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar unha reforma integral da estrada PO 546 entre Mollavao e Estribela, atendendo á seguridade viaria e á accesibilidade, favorecendo a mobilidade ciclista, creando unha senda peonil paralela á estrada, urbanizando o vial ao seu paso por núcleos urbanos e poñendo en valor os terreos abandonados das marxes da estrada que son de titularidade pública.”

Santiago de Compostela, 02 de decembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/12/2020 09:11:08

Paulo Ríos Santomé na data 02/12/2020 09:11:14





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2020 09:11:19



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos:

O turismo en Galicia viña rexistrando unha progresión ascendente nos últimos anos, chegando a bater cifras récord. En concreto, en 2019 Galicia recibiu 5,1 millóns de turistas e máis de 347.000 peregrinos, o maior número da historia. Con todo, esta boa evolución viuse alterada pola pandemia de coronavirus, que afectou a todo o mundo e, moi especialmente, aos principais emisores do mercado turístico galego: Portugal, Alemaña, Estados Unidos, Italia, Francia e Reino Unido.

Por iso, ante as circunstancias actuais e a celebración en 2021 do Ano Santo, faise especialmente necesario desenvolver unha gran acción de promoción que dea a coñecer á cidadanía o Xacobeo 2021, o Camiño de Santiago e todos os recursos naturais, culturais e gastronómicos de Galicia. Ademais, para promover ante os posibles visitantes que Galicia é un destino seguro que cumpre con todas as garantías sanitarias.

Para isto faise precisa unha colaboración entre administracións, ademais das medidas de apoio ao sector que está levando a cabo o Goberno galego resulta preciso una implicación activa do Goberno central.

Desde inicio deste ano o Goberno do Estado leva destacando a “total implicación” na celebración do Xacobeo2021 falando inicialmente de investimentos por parte de varios ministerios.



Sen embargo, pese a suposta implicación, nos PGE no inclúen novos plans, preparación ou orzamentos concretos para o Xacobeo2021 mentres si contemplan outros de similar natureza como transferencias correntes e de capital por 20 millóns de euros destinados ao convenio da capitalidade cultural e científica de Barcelona.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta a solicitar do Goberno de España a inclusión nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 dunha partida orzamentaria dotada con alomenos 30 millóns de euros para a promoción do Ano Xacobeo 2021 na Comunidade Autónoma de Galicia”.

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Pedro Puy Fraga na data 03/12/2020 10:21:12

Borja Verea Fraiz na data 03/12/2020 10:21:24

Marta Nóvoa Iglesias na data 03/12/2020 10:21:45

Cristina Sanz Arias na data 03/12/2020 10:22:29

José Antonio Armada Pérez na data 03/12/2020 10:23:09

Ovidio Rodeiro Tato na data 03/12/2020 10:23:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/12/2020 10:23:33

Sandra Vázquez Domínguez na data 03/12/2020 10:23:46



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Isaura Abelairas Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os modelos de Contratos de Colaboración Público – Privada e de Concesión de Obra Pública e de Servizos aplicados ao financiamento de infraestruturas sanitarias públicas é un paso máis na inclusión plena do investimento privado no sector sanitario público. Estes modelos, que están sendo aplicados na realidade actual, xeran un maior custo ao propio sistema público que ten que investir a longo prazo un volume de cartos maior, contribúen a xerar unha débeda pública real que grava a xeracións futuras e diminúen a calidade asistencial, como así teñen referido diferentes informes da Organización Mundial da Saúde.

O caso do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo é paradigmático deste caso, e constitúe o maior exemplo da aplicación destes modelos en Galicia. A construción deste Hospital, que foi proxectado en 2008 para algo máis de 1.200 camas, estivo proxectada en torno aos 410 millóns de euros a través da Sociedade Pública de Investimentos e tiña data prevista de finalización do pago en 2021. A chegada de Núñez Feijoo ao goberno de Galicia mudou o proxecto e o sistema de financiación, proxectando un hospital que viu reducida a previsión de camas a menos de 1.000 e que se orzamentou nunha contía aproximada de 860 millóns de euros, que se financiarían co modelo PFI (público-privado), a maiores dos compromisos que a Xunta de Galicia adquiriu para a dotación de servizos e a compra de equipamento e material a empresas vinculadas coa financiación.

Os orzamentos da Xunta de Galicia recoñecen, aínda en 2020, unha débeda de 550 millóns aproximados soamente pola construción, que se paga en canon anual de 42 millóns, máis os servizos xestionados externamente e o compromiso sistemático de compra, mellora ou actualización de equipamento, que implica un cifra en torno aos 30 millóns extra anuais.



Esta vinculación con empresas construtoras, que ademais teñen participación nas decisións do Hospital, ten sido obxecto de numerosas discusións, sen que o Goberno de Galicia teña a ben modificar ou abrirse a estudar outras posibilidades. O Grupo Parlamentario Socialista ten formulado o estudo da reversión ao sistema público do Hospital Álvaro Cunqueiro, que foi rexeitado (novembro de 2016) cos votos en contra do Partido Popular.

A empresa construtora Acciona iniciou o mercado da súa participación no hospital, que en recentes datas foi coñecido que atópase, agora, en mans dunha empresa francesa que é propietaria do maior centro sanitario do área de Vigo, a máis poboada de Galicia. Acciona vendeu máis do 40 % da propiedade do Hospital Álvaro Cunqueiro, o que evidencia que era propiedade privada, que agora pasan a outras mans.

A participación privada na titularidade de bens públicos tan esenciais como hospitais non está dentro dos parámetros que se deberan aceptar para xestionar os servizos públicos. No caso actual, resulta sorprendente que a propia Xunta de Galicia non aspirara a facerse coa titularidade completa dos bens en venta, e puidese aspirar a comprar esta participación. Hoxe en día, a Xunta de Galicia está pagando unha débeda aínda moi ampla, con xuros aplicados ao inicio da construción do hospital, e que mantén á Xunta de Galicia sen ser propietaria e titular única do Hospital. Non en tanto, o contexto crediticio e os niveis de inflación actuais permitirían formular novas operacións financeiras que mellorarían as condicións nas que a Xunta de Galicia podería afrontar novas solucións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar todas as fórmulas posibles e optar pola máis beneficiosa para o interese xeral que permita afrontar a reversión á titularidade pública e xestión pública integral do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.
2. Realizar unha avaliación que permita coñecer o valor de compra que teñen hoxe as accións de titularidade privada do Hospital Álvaro Cunqueiro e estudar as fórmulas que permitan afrontar esa compra para adquirir a titularidade completa.



